

REGULAMENTO ORGANICO DO CONCELLO DE SILLEDA
(BOP - 04.04.2000)

NOTA PREVIA

Para elaborar este regulamento orgánico tivéronse en conta os artigos 20.1 e 2 da LBRL e a sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, do 21 de decembro, que declara inconstitucionais determinados aspectos deses dous apartados; así mesmo, tamén se consultou o artigo 59 da LALG e mailo ROF para determinadas cuestións relacionados co desenvolvemento das sesións do pleno tamén se botou man do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983.

TITULO PRELIMINAR:

Disposicións Xerais

ART. 1: APROBACION DESTE REGULAMENTO.

O Concello de Silleda, no exercicio da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, aproba o Regulamento orgánico de corporación con suxeición ás normas da Lei reguladora das bases de réxime local e á Lei de administración local de Galicia.

ART. 2: PRELACION DE FONTES.

A organización e o funcionamento dos órganos da corporación réxense polas seguintes normas:

- a) A Lei reguladora dos bases de réxime local.
- b) A Lei de administración local de Galicia.
- c) O Regulamento orgánico da corporación.
- d) O Regulamento que desenvolva nesta materia a Lei de administración local de Galicia.
- e) O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Estado.

ART. 3: REGULAMENTOS COMPLEMENTARIOS

O pleno da corporación poderá aprobar tanto os regulamentos dos órganos complementarios do concello coma os regulamentos de participación cidadá, que terán o carácter de complementarios deste Regulamento orgánico da corporación. Os regulamentos complementarios requiren o mesmo quórum ca éste e aprobaranse por idéntico procedemento.

TITULO I:

Estatuto dos concelleiros

ART. 4: DEREITO DE ASISTENCIA E DE VOTO.

- 1.- Os concelleiros teñen o dereito de asistir e votar nas sesións do pleno da

corporación e nas sesións das comisións dos que formen parte. Tamén poderán asistir, con voz pero sen dereito a voto, ás sesións das comisións informativas das que non formen parte.

2.- Tódolos concelleiros teñen dereito a formar parte alomenos dunha comisión informativa, e a usaren as facultades e desempeñaren as funcións que este regulamento lles atribúe.

ART. 5.—DEREITO DE INFORMACION XERAL.

1.- Tódolos concelleiros teñen dereito a requiriren da alcaldía e da comisión de goberno os datos, informes e documentos que estean en poder -ou dos que dispoñan- os órganos e servicios da corporación e que sexan necesarios para o cumprimento das súas funcións, e nomeadamente para a función de control e fiscalización dos órganos de goberno ou da administración municipal.

2.- O acceso dos concelleiros á información solicitarase por escrito dirixido ó alcalde do concello (ou, se é o caso, ó concelleiro-delegado ou á comisión de goberno), e nel especificaranse os documentos ou expedientes obxecto de pedimento.

3.- A alcaldía, ou se é o caso o concelleiro-delegado ou a comisión de goberno, resolverá sobre a solicitude no prazo de cinco días desde que éste se presentase. Se transcorrido ese prazo non recaese ningunha resolución, entenderase outorgado o acceso e o concelleiro poderase dirixirse directamente ó xefe do servizo administrativo correspondente para que lle facilite a información de que se trate.

ART. 6.—ACCESO DIRECTO A INFORMACION.

Os servizos administrativos da corporación están obrigados a lles facilitaren ós concelleiros o acceso á información sen necesidade de solicitude previa nos casos seguintes:

a) Cando os concelleiros desempeñen delegacións ou responsabilidades de xestión e a información solicitada estea relacionado co ámbito dos cargos desempeñados.

b) Cando soliciten documentación referida ós asuntos que estean incluídos no orde do día das sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

c) Cando soliciten as resolucións e/ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

d) Cando soliciten información á que teñan libre acceso os cidadáns.

ART. 7.—CONSULTA E EXAME DE DOCUMENTOS.

1.- A consulta e o exame dos expedientes ou documentos de que se trate poderase realizar no arquivo xeral, na oficina onde estean ou mediante entrega ó concelleiro interesado para que os poida analizar na sala destinada a ese fin na propia casa do concello.

2.- A consulta dos libros de actas e de resolucións realizarase na secretaría xeral ou no arquivo.

3.- O exame dos expedientes incluídos na orde do día dunha sesión realizarase no lugar no que se poñan de manifesto a partir da convocatoria.

4.- O horario para o exame e consulta dos expedientes e documentos será o xeral de funcionamento da administración municipal, a non ser que a alcaldía o amplíe por razóns de interese público ou sinale un horario específico.

ART. 8: DEREITO O OBTENCION DE COPIAS OU CERTIFICADOS.

O dereito dos concelleiros á información abrangue o de obter copias ou certificados da documentación de que se trate.

ART. 9: LIMITACIONES O EXERCICIO DO DEREITO A INFORMACION.

1.- O exercicio do dereito á información, e nomeadamente o de obter copias ou certificados da documentación de que se trate, será exercido de xeito que non afecte negativamente a eficacia do funcionamento dos servizos públicos.

2.- A alcaldía, ou se é o caso a comisión de goberno, poderá denegar ou condicionalo exercicio do dereito á información dos concelleiros por medio de resolución motivada nos casos nos que dispoña a lei.

3.- Os concelleiros, no uso da información e da documentación é que teñan acceso por razón do seu cargo, deberán respectar os dereitos fundamentais das persoas -nomeadamente o dereito á intimidade- e non divulgarán as actuacións municipais que excepcionalmente teñan o carácter de secretas.

4.- Os concelleiros non se poderán servir do seu cargo para obter informacións ou documentos nos que soamente teñan un interese persoal ou profesional. Tampouco poderán usar ou permitir que outras persoas usen esa información ou documentación para finalidades diferentes das derivadas do seu cargo.

ART. 10.—DEBERES E RESPONSABILIDADES.

1.- Os concelleiros están obrigados a asistir ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, a axetaren a súa conduta a este regulamento e a respectaren a orde e as normas de cortesía propias da corporación.

2.- Os concelleiros non poderán invocar a súa condición de concelleiros para o exercicio de actividades mercantís, industriais ou profesionais.

ART. 11: DECLARACION DE BENS E ACTIVIDADES.

1.- Os concelleiros están obrigados a declarar:

a) Sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles xere ou lles poida xerar ingresos económicos.

b) Sobre os seus bens patrimoniais.

2.- As dúas declaracións formularanse perante o secretario da corporación consonte os modelos normalizados que se achegan como anexos nº 1 e 2 deste regulamento e inscribíranse en senllas seccións do rexistro de intereses do concello.

3.- As declaracións dos concelleiros sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles poida xerar ingresos terán carácter público. As declaracións sobre bens patrimoniais soamente poderán acceder as persoas que teñan un interese lexítimo.

4.- As declaracións débense presentar antes da toma de posesión do cargo; así mesmo, tamén se deberán presentar durante o mandato no caso de que se produza unha variación patrimonial, ou no exercicio de actividades privadas. Neste último caso, o prazo para presentala declaración será o dun mes.

TITULO II:

Grupos políticos municipais e xunta de voceiros

ART. 12. OS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS.

- 1.- Os concelleiros, para os efectos da súa actuación municipal, constituiranse en grupos políticos, que se corresponderá coas listas electorais dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na corporación.
- 2.- Cada grupo político deberá ter alomenos dous concelleiros.
- 3.- Ninguén poderá pertencer a máis dun grupo. Non poderán constituir grupo separado os concelleiros que pertencen a unha mesma lista electoral.
- 4.- Tódolos concelleiros deberán estar adscritos a un grupo político municipal.

ART. 13.—O GRUPO MIXTO.

- 1.- Os concelleiros que non estean integrados en ningún outro grupo político ou non poidan formar grupo propio quedarán incorporados ó grupo mixto.
- 2.- Os concelleiros que abandonen o grupo político do que formaban parte inicialmente pasarán automaticamente a formar parte do grupo mixto.

ART. 14.—UTILIZACION DE MAIS E ORDE DE COLOCACION NO PLENO.

- 1.- Coa finalidade de que poidan desempeña-las súas funcións corporativas, o concello porá a disposición de tódolos grupos políticos uns locais apropiados nos que se poidan reunir e realizar sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais dos veciños.
- 2.- A alcaldía aprobará o réxime de utilización dos locais municipais por parte dos grupos políticos da corporación.
- 3.- Os concelleiros tomarán asento no salón de sesións unidos ós outros concelleiros do seu grupo. A orde de colocación dos grupos decidiráa o alcalde despois de oír-los voceiros.

ART. 15.—IGUALDADE DE DEREITOS.

Tódolos grupos políticos municipais, coas excepcións que sinalan as leis e este regulamento, terán idénticos dereitos.

ART. 16: A XUNTA DE VOCEIROS.

- 1.- A xunta de voceiros estará constituído polo alcalde e por un concelleiro por cada un dos grupos políticos municipais.
- 2.- A función da xunta de voceiros é coordina-las actuacións dos diversos grupos nos asuntos que atinxan ó funcionamento do corporación.
- 3.- A xunta de voceiros reunirse baixo a presidencia do alcalde, que a convocará por iniciativa propia ou por pedimento de dous voceiros.
- 4.- As decisións de xunta de voceiros adoptaranse baixo o criterio do voto ponderado e en ningún caso afectarán as competencias dos órganos da corporación.

TITULO III:

Organos do concello.

ART. 17.—ORGANOS BASICOS E ORGANOS COMPLEMENTARIOS

1.- Os órganos básicos do concello son os seguintes:

- a) O alcalde.
- b) Os tenentes de alcalde.
- c) A comisión de goberno.
- d) O pleno da corporación.
- e) As comisións informativas permanentes.
- f) A comisión especial de contas.

2.- O pleno da corporación poderá crea-los seguintes órganos, complementarios dos anteriores:

- a) Comisións informativas temporais.
- b) Órganos de participación cidadá.

3.- O alcalde poderá nomear concelleiros delegados da alcaldía entre os membros do comisión de goberno.

4.- O alcalde tamén poderá conferir delegacións especiais, para encargos específicos, a prol de calquera concelleiro.

ART. 16.—AS COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.

1.- As comisións informativas permanentes do corporación son as seguintes:

- a) Area de economía e facenda. Comisión especial de contas e bens.
- b) Area de urbanismo e persoal de servicios.
- c) Area de protección civil e equipos de extinción de incendios.
- d) Area do ámbito rural. Vías e obras.
- e) Area de gandería, agricultura e montes.
- f) Area de educación, cultura e patrimonio artístico.
- g) Area de sanidade, consumo, benestar social e da muller.
- h) Area de deportes e xuventude.
- i) Area de ecoloxía e medio ambiente.
- j) Area para o desenvolvemento socio-económico municipal.

2.- O pleno da corporación poderá modifica-la denominación e competencias das citadas comisións informativas permanentes.

3.- As comisións informativas permanentes estarán integradas polos membros que, como titulares ou suplentes, designen os grupos políticos da corporación. O pleno determinará o número de escanos que lle corresponde a cada grupo consonte o principio de representación proporcional respecto á composición política da corporación.

4.- O presidente nato das comisións informativos permanentes é o alcalde. Sen embargo, este poderá delega-la presidencia efectiva no concelleiro que elixa a propia comisión.

ART. 19.—DELEGACION DE COMPETENCIAS NA COMISION DE GOBERNO.

1.- O alcalde e o pleno da corporación poderán delegar na comisión de goberno as

competencias que a lei prevé.

2.- A delegación de competencias do pleno na comisión de goberno require o voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación.

TITULO IV:

Funcionamento dos órganos da corporación.

CAPITULO I:

As sesións do pleno da corporación

ART. 20: REXIME DE SESIONS DO PLENO.

~~1.- O pleno da corporación reunirase en sesión ordinaria con periodicidade bimensual, excepto no mes de agosto. A sesión terá lugar o derradeiro xoves do mes que corresponda e iniciárase ás 09:00 horas.~~

~~2.- Cando ese día sexa santo ou festivo, a sesión trasladarase ó día solto inmediato anterior ou posterior.~~

~~1.- O Pleno da corporación reunirase en sesión ordinaria con periodicidade bimestral, nos meses impares. A sesión terá lugar o derradeiro xoves do mes que corresponda e iniciárase as 10.00.~~

~~2.- Cando ese día sexa inhábil, a sesión trasladarase ó día hábil inmediatamente anterior.~~

~~3.- As sesións extraordinarias que soliciten alomenos a cuarta parte do número legal de membros da corporación, celebraranse no prazo de quince días. (Acordo Plenario do 25.11.04 - BOP nº 25 de 07.02.05)~~

~~“1.- O Pleno da corporación reunirase en sesión ordinaria coa periodicidade e na data e hora que fixe o Pleno da Corporación na súa sesión organizativa. Este acordo será susceptible de ser modificado mediante acordo plenario adoptado con posterioridade á devandita sesión. O Pleno da corporación municipal eleixida para o período 2007-2011, celebrará sesión ordinaria con periodicidade mensual, exceptuándose o mes de agosto. A sesión terá lugar o derradeiro xoves do mes que corresponda e iniciárase ás 20.00 horas.~~

~~2.- Cando ese día prefixado para a celebración da sesión ordinaria sexa inhábil, a sesión trasladarase ó día hábil inmediatamente anterior”. (Acordo Plenario do 26.07.07 - BOP nº 186 de 25.09.07)~~

~~“1.- O Pleno da corporación reunirase en sesión ordinaria coa periodicidade e na data e hora que fixe o Pleno da Corporación na súa sesión organizativa. Este acordo será susceptible de ser modificado mediante acordo plenario adoptado con posterioridade á devandita sesión.~~

~~2.- Cando ese día prefixado para a celebración da sesión ordinaria sexa inhábil, a sesión trasladarase ó día hábil inmediatamente posterior.” (Acordo Plenario do 06.11.09 - BOP nº 14 de 22.01.10)~~

“Esta Alcaldía propón ao Pleno deste Concello o seguinte acordo :

Primeiro. O Pleno da corporación reunirase en sesión ordinaria con periodicidade bimestral, nos meses

impares . A sesión terá lugar o derradeiro xoves do mes que corresponda e iniciárase ás 20:00.

Segundo. Cando o día de celebración da sesión sexa día santo ou festivo, a mesma trasladarase ó día hábil inmediato anterior ou posterior.”

(Acordo Plenario do 08 de xullo de 2011 - Sesión Plenaria Organizativa)

3.- As sesións extraordinarias que soliciten alomenos a cuarta parte do número legal de membros da corporación, celebraranse no prazo de quince días.

ART. 21: PUBLICIDADE DAS SESIONS E DAS ACTAS DO PLENO.

1.- As sesións do pleno da corporación serán públicas. Soamente serán secretas, cando así se decida por maioría absoluta, o debate e a votación dos asuntos que poidan afecta-los dereitos fundamentais dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución.

2.- A convocatoria das sesións do pleno comunicaráselles ós medios de comunicación e anunciarase no taboleiro de editos da corporación.

3.- Unha vez rematada a sesión, o alcalde poderá abrir unha rolda de intervencións por parte do público asistente, de conformidade co que dispoña o Regulamento de participación cidadá.

4.- As actas das sesións do pleno exponense no taboleiro de editos da corporación por un prazo de quince días e remitiráselles a tódolos concelleiros xunto coa convocatoria da sesión seguinte.

ART. 21 BIS.- GRAVACIÓN DAS SESIÓNS

(Inclusión de artigo por acordo Plenario do 27.09.12 - Aprobación inicial BOP nº 202 de 19.10.12)

As sesións plenarias que se celebren polo Pleno da Corporación, xa sexan de carácter ordinario ou extraordinario, poderán ser gravadas con sistema de megafonía, circuitos cerrados de televisión e/ou outros medios de reprodución o comunicación, podendo autorizar igualmente aos medios de comunicación social á filmación e gravación de toda ou parte da sesión.

As sesións do pleno serán reproducidas aos efectos de servir de soporte instrumental para a elaboración da acta, quedando aquel baixo a custodia do/a secretario/a Xeral do Concello.

ART. 22: ALTERACIONES DA ORDE DO DIA.

1.- Tódolos asuntos se tratarán polo orde en que estean relacionados na axenda da sesión, pero o alcalde poderá modifica-la citada orde cando a aprobación dun asunto esixa unha maioría especial e ésta non se poida obter no momento previsto inicialmente na axenda.

~~2.- Nas sesións ordinarias, trala aprobación da acta da sesión anterior e antes de iniciá-los asuntos da orde do día, o alcalde preguntará se algún grupo político quere incluír por urxencia algún asunto. En caso positivo, o proponente defenderá brevemente a urxencia da moción; os voceiros dos outros grupos e o alcalde poderán intervir coa mesma brevidade para fixa-la súa posición e, a seguir, o pleno resolverá o que proceda. A declaración de urxencia require o voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación. Os asuntos que se declaren urxentes trataranse ó final da orde do día e antes dos rogos e preguntas.~~

2.- Nas sesións ordinarias, concluído o examen dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Presidente preguntará si algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que no teña cabida no punto de rogos e preguntas. En caso positivo, o proponente xustificará brevemente a urxencia da moción e os voceiros dos outros grupos poderán intervir coa mesma brevidade para fixa a súa posición e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. A declaración de urxencia require o voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación. Si o resultado da votación fora positivo pasarase a debater e votar sobre o fondo do asunto.”(*Acordo Plenario do 06.11.09 - BOP nº 14 de 22.01.10*)

3.- Calquera concelleiro poderá durante o debate pedi-la retirada dalgún asunto incluído na orde do día para que se incorporen ó expediente documentos, informes ou se completen trámites, ou poderá solicita-lo seu adiamento para outra sesión. O pedimento será obxecto de votación ó remata-lo debate e antes de decidir sobre o fondo do asunto.

4.- Cando os asuntos incluídos na orde do día por urxencia requiran informe preceptivo de Secretaría ou de Intervención e os funcionarios non o poidan dar no acto, deberán solicitarlle o seu adiamento ó alcalde ata á sesión seguinte. Se este pedimento non é atendido, farase constar na acta.

ART. 23: DICTAME, MOCION, VOTO PARTICULAR E EMENDA.

1.- Dictame é a proposición que se leva á decisión do pleno tralo estudio do expediente pola comisión informativa. Conterá unha parte expositiva e o acordo que se propón.

2.- Moción é a proposición que se leva directamente á decisión do pleno pola vía da declaración de urxencia. Poderase presentar por escrito ou oralmente.

3.- Voto particular é a proposta de modificación dun dictame que presenta un membro da comisión informativa que dictaminou o asunto. Pódese formular oralmente no transcurso da sesión da comisión informativa ou mediante escrito que se presentará ó día seguinte da sesión da comisión.

4.- Emenda é a proposta de modificación dun dictame ou dunha moción que pode presentar calquera concelleiro por escrito antes do iniciación da sesión do pleno na que se vai debati-lo asunto. Cando o obxecto da emenda é unha moción que se presentou oralmente no decurso da sesión plenaria, aquela tamén se poderá presentar de xeito verbal no transcurso do debate.

ART 24: REGLAS XERAIS SOBRE OS DEBATES

1.- Os asuntos da orde do día principiarán coa lectura do dictame da comisión informativa ou, se non o houbese, coa lectura da proposición ou da moción. Calquera concelleiro poderá pedi-la lectura daquelas partes do expediente ou dos informes que xulgue conveniente. A seguir, o alcalde ofreceralle-la palabra ós voceiros dos grupos políticos. Se ninguén a pide, o asunto someterase directamente a votación.

2.- De se promover debate, o alcalde ordenará as intervencións consonte as seguintes regras:

a) Para facer uso da palabra requírese a previa autorización do alcalde.
b) O debate iníciase cunha defensa do dictame, proposición ou moción por parte dalgún membro do grupo ou grupos que a/o aprobase ou o/a presentase.
c) A seguir, os diversos grupos consumirán unha primeira rolda de intervencións. Como norma xeral, cada unha delas non superará os dez minutos de duración. Tódolos intervenintes poderán dispor do mesmo tempo.

d) Cando se fagan alusións que comporten xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou a conducta dun concelleiro ou dun grupo político municipal, o concelleiro ou o voceiro do grupo aludido poderá pedirlle ó alcalde que lle permita unha breve intervención por un tempo non superior a tres minutos para contestar sen entrar no fondo do asunto obxecto de debate.

e) Se algún grupo o solicita, iniciárase unha segunda rolda de intervencións. Como norma xeral, cada unha delas non superará os cinco minutos de duración. Rematada esta, o alcalde poderá concluí-lo debate, que pechará o relator para ratificar ou modifica-la súa posición.

f) Ninguén poderá ser interrompido mentres fala máis que polo alcalde, e para advertirlle que se lle esgotou o seu tempo ou para chamalo á cuestión ou á orde. Así mesmo, o alcalde poderá intervir para lle retira-la palabra a alguén ou para chamar ó orde á corporación, a algún dos concelleiros ou ó público asistente.

g) Transcorrido o tempo establecido, o alcalde retirarlle a palabra ó orador, despois de advertirlle por dúas veces que debe concluí-la súa intervención.

3.- Os concelleiros poderán pedirlle a palabra ó alcalde en calquera momento para presentar unha cuestión de orde. Deberán cita-la norma en que se basean. O alcalde resolverá no acto o que proceda, sen que sobre a súa decisión se poida suscitar ningún debate.

4.- Os funcionarios de Secretaría e de Intervención poderán intervir cando os requira o alcalde por razóns de asesoramento técnico. Se estes funcionarios xulgan que no debate se suscitan cuestións que poidan presentar dúbidas de legalidade ou que poidan ter repercusións orzamentarias, poderán solicitarlle ó alcalde o uso da palabra para asesorar a corporación.

ART. 25: REGRAS ESPECIAIS SOBRE OS DEBATES

As normas que contén o artigo anterior sobre os debates enténdese sen prexuízo das facultades do alcalde para ampliar ou reduci-lo número e a duración das intervencións, unha vez oído a xunta de voceiros, en atención á importancia das materias de que se trate.

ART. 26: CHAMADAS A CUESTION.

1.- Os oradores serán chamados á cuestión sempre que estean fóra dela, por digresións alleas ó punto de que se trate ou por volveren sobre o que xa se discutíu ou votóu.

2.- O alcalde retirarlle a palabra ó orador a quen lle fixese unha terceira chamada á cuestión nunha mesma intervención.

ART. 27: CHAMADAS A ORDE.

1.- O alcalde poderá chamar ó orde a calquera concelleiro que:

a) Use palabras ou conceptos ofensivos para a dignidade ou honor da corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa pública ou privada.

b) Interrompa ou de calquera outro xeito perturbe a orde da sesión.
c) Pretenda intervir sen que lle fose concedido a palabra ou logo de que lle fose retirada.

2.- Logo de tres chamadas a orde na mesma sesión, coa advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, o alcalde poderalle ordenar a calquera concelleiro que abandone o salón de sesións e poderá adopta-las medidas necesarias pero que a expulsión se faga efectiva.

ART. 26: COÑECEMENTO DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA E DA COMISION DE GOBERNO.

1.- Na orde do día de tódalas sesións ordinarias do pleno incluírase sempre un apartado final, anterior ó de rogos e preguntas, no que se porán en coñecemento do pleno tódalas resolucións adoptadas pola alcaldía e pola comisión de goberno desde a data da sesión ordinaria anterior.

2.- Con esa finalidade, o expediente da sesión incorporará unha relación ou copia de tódalas resolucións da alcaldía e de tódalas sesións da comisión de goberno.

ART. 29: ROGOS E PREGUNTAS.

1.- Na orde do día das sesións ordinarias incluírase sempre un apartado final de rogos e preguntas.

2.- O rogo é unha proposta de actuación que calquera dos concelleiros da corporación lle dirixe a algún dos órganos do goberno municipal. Pódese presentar oralmente ou por escrito e debaterase na sesión seguinte ó da súa presentación, a non ser que o alcalde xulgue conveniente contestar ós rogos orais na mesma sesión en que se presenten. Poderán dar lugar a un breve debate, pero non será obxecto de votación.

3.- A pregunta é calquera cuestión que lle dirixan os concelleiros a un órgano do goberno municipal no seo do pleno da corporación. As que se presenten de forma oral serán obxecto de contestación na sesión seguinte, a non ser que o alcalde xulgue conveniente contestalas de xeito inmediato.

ART. 30: AS VOTACIONES.

1.- Antes de principia-la votación, o alcalde exporá de forma clara e concisa os seus termos. Unha vez iniciada, non se poderá interromper por ningún motivo e ninguén poderá facer uso da palabra nin entrar ou saír do salón de sesións. Logo de concluída, o alcalde declarará o seu resultado.

2.- De se manteren votos particulares ou enmendas, estes decidiranse antes do dictame ou da moción de que se trate.

3.- O sistema normal será a votación ordinaria, a man alzado. A votación nominal requirirá a solicitude dun grupo político e a aprobación polo pleno. Neste caso, o secretario da corporación nomeará os concelleiros e estes: responderán “sí”, “non” ou “abstención”. O

chamamento realizarase por orde alfabética do primeiro apelido e o alcalde votará ó final.

4.- A votación secreta utilizarase no caso que prevé o artigo 70.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e tamén no caso de elección ou destitución do alcalde por medio da moción de censura. A votación secreta realizarase por medio da introducción de papeleta nunha urna, tralo chamamento do secretario na orde sinalada no apartado anterior.

ART. 31: ROLDA DE EXPLICACION DE VOTO.

1.- Os grupos políticos que, despois de finalizado o debate, mudaran o sentido do seu voto poderán solicitarlle ó alcalde unha intervención para explicar brevemente a súa posición.

2.- A explicación de voto non poderá exceder de cinco minutos de duración.

CAPITULO II:

As sesións da comisión de goberno.

ART. 32: REXIME DE SESIONS DA COMISION DE GOBERNO.

~~1.- A comisión de goberno reunirse en sesión ordinaria con periodicidade quincenal, no día e hora que sinala o alcalde. A comisión reunirse en sesión extraordinaria cando o decida o alcalde.~~

Fixar o seguinte réxime de sesións da Xunta de Goberno Local:

Ordinarias unha vez á semana, os xoves á hora que determine a Alcaldía.

Extraordinarias e urxentes cando con tal carácter sexan convocadas pola Alcaldía.

(Acordo Plenario do 08.07.11 - BOP nº 234 de 07.12.11)

2.- O alcalde dirixirá e ordenará os debates que se produzan no seo da comisión de goberno.

ART. 33: PUBLICIDADE DAS ACTAS E DOS ACORDOS.

1.- As sesións da comisión de goberno non será públicas, sen prexuízo da publicidade e da comunicación das actas e da notificación dos acordos.

2.- As actas das sesións da comisión de goberno remitiránelles a tódolos concelleiros da corporación no prazo de dez días desde que tivesen lugar as citadas sesións.

3.- As actas das sesións da comisión de goberno exporanse no taboleiro de editos da corporación durante un prazo de quince días.

4.- O alcalde poderá requeri-la presenza nas sesións de calquera concelleiro ou persoa ó servizo da corporación coa finalidade de que achegue algún tipo de información relacionada co ámbito das súas actividades.

CAPITULO III:

As sesións das comisións informativas.

ART 34: REXIME DE SESIONS DAS COMISIONS INFORMATIVAS

~~1.- As comisións informativas reuniranse, cando corresponda, en sesión ordinaria os derradeiros martes de cada mes, que é cando se deben dictaminar asuntos da súa competencia que vaia resolve-lo pleno na sesión seguinte.~~

~~1.- As Comisións Informativas reunirasen, cando corresponda, en sesión ordinaria os luns anteriores a celebración do pleno ordinario, na hora que sinala o Alcalde Presidente.”(Acordo Plenario do 06.11.09 - BOP nº 14 de 22.01.10)~~

“1.- As Comisións Informativas reuniránse en sesión ordinaria coa periodicidade e a hora que se determine polo Pleno na sesión organizativa que se celebre ao inicio de cada mandato e, en todo caso, dentro dos trinta días hábiles seguintes ao da constitución da corporación. O acordo adoptado será susceptible de ser modificado mediante acordo plenario adoptado con posterioridade á devandita sesión.” (Acordo Plenario do 08.07.11 - BOP nº 153 de 10.08.11)

As comisións informativas celebrarán sesión ordinaria, de conformidade coa proposta de nova redacción dada ao artigo 34 do Regulamento Orgánico Municipal, os penúltimos xoves de cada mes no que corresponda a celebración de sesión ordinaria de Pleno, as 10.00 horas e convocarase pola Alcaldía ou o seu Presidente, quen es poderán, asimesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas. A Presidenta estará obrigada a convocar sesión extraordinaria cando o solitien al menos unha cuarta parte do número legal de membros da Comisión. As convocatorias da sesión deberán ser notificadas ós membros da Comisión, ou ó portavoz dos grupos municipais, cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase da orde do día da sesión. (Acordo Plenario do 08.07.11)

2.- Habará sesións extraordinarias cando o seu presidente o decida ou cando o solicite alomenos a cuarta parte do número legal dos seus membros.

3.- A comisión informativa da área de economía e facenda, en funcións de comisión especial de contas, reunirase antes do día 1 de xuño de cada ano para dictamina-las contas anuais do concello. As devanditas contas e a súa documentación complementaria estarán ó dispor dos membros da comisión antes da sesión por un prazo de quince días, para o seu exame e consulta.

4.- Os presidentes das comisións informativas poderán requiri-la presenza nas súas sesións de persoal da corporación para efectos informativos.

ART. 35: PUBLICIDADE DAS SESIONS DAS COMISIONS INFORMATIVAS.

As sesións das comisións informativos non terán carácter público. Sen embargo, os presidentes poderán autoriza-la presenza -e se é o caso, a intervención- de representantes de asociacións constituídos para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais dos veciños.

CAPITULO IV:

As actos das sesións do pleno e da comisión de goberno.

ART. 36: ACTAS DAS SESIONS.

1.- O secretario da corporación porá por escrito os actos das sesións do pleno e da comisión de goberno do concello, nos que constarán:

a) O lugar da reunión, co nome do municipio e do local en que ten lugar.

- b) O día, mes e ano.
 - c) A hora en que principia.
 - d) O carácter ordinario ou extraordinario da sesión, e se é en primeira ou segunda convocatoria.
 - e) O nome e apelidos do alcalde, dos concelleiros presentes e ausentes, do secretario ou de quen legalmente o substitúa, e do interventor cando asista.
 - f) A orde do día.
 - g) Un resumo das intervencións que se rexistren no debate dos asuntos da orde do día e das opinións expresadas polos grupos políticos e polos concelleiros.
 - h) As incidencias que se produzan nos debates e que sexan relevantes para a finalidade do acto.
 - i) As votacións que se realicen e o sentido do voto dos grupos políticos, e se é o caso o dos concelleiros.
 - j) A parte dispositiva dos acordos que se adopten.
 - k) A hora no que se peche a sesión.
- 2.- Os concelleiros teñen dereito a que se transcriban íntegramente as súas propias intervencións ou unha parte delas cando acheguen no acto o texto das mesmas.

ART. 37.—APROBACION DAS ACTAS.

1.- O primeiro punto da orde do día das sesións ordinarias será a aprobación do acto ou das actas das sesións anteriores.

2.- O alcalde preguntarlles ós concelleiros se teñen algunha observación que facer; de non as haber, o acto enténdese aprobado. Se hai observacións, debateranse brevemente e o pleno decidirá as rectificacións que proceden. Constarán no acto as rectificacións que se aproben.

3.- En ningún caso se poderán modifica-los acordos adoptados e soamente se poderán emendalos erros materiais ou de feito.

ART. 38.—LIBROS DE ACTOS.

As actos das sesións do pleno e da comisión de goberno transcribíranse ós libros con suxeición ás normas aprobadas pola Xunta de Galicia.

CAPITULO V:

As resolucións da alcaldía.

ART. 39.—AS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

As resolucións da alcaldía inscribíranse nun rexistro propio por orde correlativo de data e de numeración, e transcribíranse ó libro correspondente con suxeición ás normas aprobadas pola Xunta de Galicia.

DISPOSICION FINAL

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte de que se publique enteiramente o seu texto

no

Boletín Oficial da provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 do Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Silleda, a 21 de marzo do 2000.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez.

A N E X O I
**DECLARACION SOBRE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE
E ACTIVIDADES ECONOMICAS**

D./D^a, maior de idade, veciño/a do municipio de, con domicilio en, titular do D.N.I. nº

EXPOÑO:

Que en cumprimento do que dispón o art. 75 do Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora dos bases de réxime local, formulo a presente Declaración sobre causas de incompatibilidade e actividades económicas:

1.—SOBRE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE:

Declaro formalmente que non me afecta ningunha das causas de incompatibilidade para desempeña-lo cargo de concelleiro de corporación de Silleda, previstas na vixente lexislación electoral e de réxime local.

2.—SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS:

Declaro que as miñas actividades e ocupacións profesionais, mercantís ou industriais e os meus traballos por conta allea son os seguintes:

E para que conste no rexistro de intereses do corporación do Concello de Silleda, asino a presente declaración en Silleda o de de mil novecentos noventa e nove.

A N E X O II
DECLARACION DE BENS PATRIMONIAIS

D./D^a, maior de idade, veciño/a do municipio de, con domicilio en, titular do D.N.I. nº

EXPOÑO:

Que en cumprimento do que dispón o art. 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, formulo a presente Declaración de Bens Patrimoniais:

a) Bens inmuebles (descripción, dato de adquisición, inscripción no rexistro da propiedade):

.....

b) Bens mobles (descripción, data de adquisición):

.....

c) Valores mobiliarios (descripción, data de adquisición):

.....

E para que conste no rexistro de intereses de corporación do Concello de Silleda, asino a presente declaración en Silleda o de de mil novecentos noventa e nove.